Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO TRIBUNAL

Data:	Día 23/11/2026, ás 10:00 horas
Proceso selectivo:	Proceso selectivo, mediante sistema de concurso-oposición libre, de oficial de segunda e tractorista (persoal laboral fixo), incluída na OEP correspondente ao ano 2023. **Primeiro exercicio.**

No día indicado, reúnense, os seguintes membros do Tribunal designado para o proceso selectivo referenciado:

Presidente: D. ARTURO BARREIRO TUBIO.

Vogais: DNA. MARÍA MONTSERRAT ARUFE LAMAS.
DNA. NATIVIDAD HERMO SANTOS.
DNA. MARÍA PILAR CALVO ABELLEIRA.

Secretario: D. JOSÉ MARTÍNEZ REDONDO.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Lousame sendo as 10:00 horas do día 23 de novembro de 2026, reúnense os membros do Tribunal que se constitúe co obxecto da realización do primeiro exercicio do proceso selectivo, mediante sistema de concurso-oposición libre, para a cobertura dunha praza de oficial de segunda e tractorista (persoal laboral fixo), incluída na OEP correspondente ao ano 2023; seguindo as Bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 185 de 28 de setembro de 2026.

O Sr. Presidente declara constituído o tribunal despois de manifestar a concorrencia de posibles causas de abstención ou recusación nalgún membro do Tribunal (de acordo co disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público). Os cinco membros do Tribunal manifestan que non concorre neles ningunha causa de abstención ou recusación.

Este primeiro exercicio da Fase de Oposición ten carácter obrigatorio e eliminatorio e consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de 90 minutos, dun cuestionario tipo test de 40 preguntas (con 4 preguntas de reserva), con tres respostas alternativas, da que só unha será a correcta, e que gardarán relación coas materias comprendidas no programa que figura como Anexo II das citadas Bases.

Ás 10:05 horas, procédese ao chamamento para a realización deste primeiro exercicio do proceso selectivo das persoas candidatas admitidas, co seguinte resultado:

Nº	APELIDOS E NOME	PRESENTADO
1	CERDEIRA GOMEZ FERNANDO	NON
2	COBAS PIÑEIRO OSCAR	SI
3	GARCIA MAYO JOSE ANTONIO	SI
4	GONZALEZ FROJAN JOSE MANUEL	NON
5	LOJO NUÑEZ JOSE LUIS	SI
6	QUINTIAN AGRAFOJO JOSE MANUEL	NON
7	REGENJO LORENZO BENIGNO	SI
8	RODRIGUEZ CES BRAIS	SI
9	RODRIGUEZ PIÑEIRO ROBERTO	SI
10	TORON MONTERO MANUEL MIGUEL	SI

Ao ser este primeiro exercicio da Fase de Oposición de carácter obrigatorio e eliminatorio conclúese que as persoas candidatas **NON presentadas quedan automaticamente eliminadas do proceso**

CVD: IhvqYB3UubP2bjl8ylgz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

selectivo, que neste caso son as seguintes:

- CERDEIRA GOMEZ FERNANDO.
- GONZALEZ FROJAN JOSE MANUEL.
- QUINTIAN AGRAFOJO JOSE MANUEL.

Despois de explicar as instrucións ás persoas aspirantes presentadas, sendo as 10:10 horas da comezo o exercicio consistente nun cuestionario tipo test de 40 preguntas (con 4 preguntas de reserva), con tres respostas alternativas, da que só unha será a correcta.

Sendo as 11:40 horas e unha vez finalizado o exercicio procédese á corrección por parte do Tribunal dos cuestionarios das diferentes persoas candidatas presentadas.

O cuestionario será cualificado de 0 a 20 puntos, cun máximo de 2 decimais. Os aspirantes deben obter un mínimo de 10 puntos para entendelo superado. Cada resposta correcta obterá unha puntuación de 0,50 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,10 puntos. As respostas en branco, non terán penalización.

Unha vez corrixidos os cuestionarios, o resultado acadado é o seguinte:

CÓDIGO NÚMÉRICO	RESULTADO	APTO/NON APTO
1	11,90	APTO
2	10,20	APTO
3	8,60	NON APTO
4	9,30	NON APTO
5	14,00	APTO
6	17,20	APTO
8	8,00	NON APTO

Acto seguido procédese á apertura dos sobres, en cuxo interior está a folla que identifica o código numérico con cada aspirante, co seguinte resultado:

CÓDIGO NUMÉRICO	APIRANTE	NIF
1	Benigno Regenjo Lorenzo	***6580**
2	José Luis Lojo Núñez	***6719**
3	Brais Rodríguez Ces	***3093**
4	Oscar Cobas Piñeiro	***3264**
5	José Antonio García Mayo	***6974**
6	Roberto Rodríguez Piñeiro	***7710**
8	Manuel Miguel Torón Montero	***3617**

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo 12:30 horas do día 23 de novembro de 2026.

CVD: IhvqYB3UubP2bjl8ylgz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/